
Significado e función dos antropónimos en *Majina*, a primeira novela galega

Xosé A. Fernández Salgado
Universidade de Vigo

Data de recepción: 09/02/2016 | Data de aceptación: 02/03/2016

Resumo:

Este artigo examina os antropónimos da primeira novela galega moderna, *Majina*, ou a filla espúrea (1870), un texto de Marcial Valladares clasificado no xénero coñecido como 'folletín'. O obxectivo é estudar os nomes dos personaxes da novela atendendo á concepción dualista en que se articula o seu argumento. Despois de ofrecer un breve repaso dos máis recentes, e aínda escasos, estudos en antroponimia literaria galega, a análise céntrase en mostrar que o autor non foi arbitrario na elección dos nomes dos seus personaxes, senón que a suposta extravagancia dalgúns deles corresponde a unha marca de identidade social: os antropónimos con implicacións classicistas para aristócratas; os nomes de orixe cristiá para os labregos e artesáns. Alén diso, insítese no feito de que, seguindo unha longa tradición literaria, a algúns dos nomes propios pódeseles asignar un significado motivado conforme o comportamento do personaxe.

Palabras chave:

Antroponimia literaria; motivación do nome propio; antropónimos e clase social; lingua literaria; lingua galega; novela galega.

Sumario:

1. Introducción: os estudos de antroponimia literaria galegos 2. *Majina*, unha novela dualista 3. A singularidade dos nomes dos personaxes 4. O antropónimo como marca de identidade social 4.1. Os nomes dos aristócratas 4.2. Os nomes dos labregos 5. Simbolismo e motivación dos nomes dos personaxes 6. Cabo.

Meaning and function in the anthroponimys of Majina, the first galician novel

Abstract:

This paper examines the anthroponyms of the first modern Galician novel, Marcial Valladares' Majina, ou a filla espúrea (1870), a text classified in the genre known as 'folletín'. The purpose is to study the names of the novel's characters as regards to the dualist conception that articulates its plot. After a brief overview to recent, and still scarce, studies in literary Galician anthroponymy is provided, the analysis is focused on showing there was no arbitrariness on the author's side when choosing his character's names. Supposed flamboyance in some of them corresponds to a social identity mark: anthroponyms

with classist implications for aristocrats, and names of Christian origin for farmers and craftspeople. Along with this, an insistence is made on the fact that, following a long literary tradition, some of the proper names may be understood to have a meaning motivated by the characters's behaviour.

Key words:

Literary anthroponimy; motivation for proper names; anthroponyms and social class; literary language; Galician language; Galician novel.

Contents:

1. Introduction: the studies of Galician literary anthroponyms 2. Majina, a dualist novel 3. The singularity of the characters' proper names 4. Names as marks of social identity 4.1. The names of the better-off 4.2. The names of the countrymen 5. Symbolism and motivation of the character's names 6. Conclusion.

1. Introducción: os estudos de antroponimia literaria galegos¹

Os estudos sobre onomástica galega tiveron un importante pulo nas últimas décadas, tanto na análise toponímica coma na antroponímica². A iso contribuíron, alén de traballos individuais, as investigacións e publicacións que xermolaron arredor de proxectos como Patrom; das tarefas da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia no establecemento do Nomenclátor oficial; ou do labor da Asociación Galega de Onomástica (AGOn), organizando congresos e seminarios. Membros desta mesma asociación, vencellados ó Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, están próximos a tirar un dicionario de apelidos galegos baixo a coordinación de Ana Isabel Boullón, obra que virá sumarse a repertorios semellantes de nomes propios e apelidos xa publicados (Ferro Ruibal, 1992; Feixó, 2003; Méndez Ferrín, 2007).

Así e todo, unha parte da onomástica que quedou en parte desatendida foi a relativa á antroponimia literaria, entendendo por tal o dominio especial da onomástica que se centra na investigación dos nomes propios dos personaxes empregados nas obras de ficción (Ionescu, 1993). Apenas podemos referir dúas dúcias de traballos con este obxectivo³, entre os que salientan os realizados por María Xesús Nogueira, Christian Ionescu ou Antón Palacio sobre a obra de Álvaro Cunqueiro; por Fernando Tato sobre os alcumes na obra de Celso Emilio Ferreiro; por Iris Cochón sobre onomástica e poesía; de Laura Mariño sobre antropónimos femininos na lírica popular; ou por Elisardo López Varela sobre os nomes de persoeiros que circulan polos versos de Curros Enríquez. Esta nómina de estudos completaríaase cos que Ferro Couselo, Ramón Lorenzo, Déborah González, Esther Corral e Carlos Paulo Martínez fixeron sobre os antropónimos contidos na prosa e mais nas cantigas medievais. Este artigo quere, pois, contribuír ao desenvolvemento dos estudos de antroponimia literaria, tomando como corpus de análise os nomes propios dos personaxes da obra de Marcial Valladares *Majina, ou a filla espúrea* (1870), que pasa por ser a primeira novela moderna galega.

1 O autor quere agradacerlles aos profesores Antón Palacio e Alexandre Guerra, da Universidade de Vigo, e aos dous revisores anónimos desta publicación a atenta lectura deste artigo así coma os seus comentarios e suxestións, que sen dúbida ningunha contribuíron a mellorar a versión final deste traballo.

2 Na base de datos de información bibliográfica BILEGA (<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>) recóllense 190 referencias de traballos baixo o epígrafe “onomástica” no campo “Tema”; deles, máis do 60% foron realizados no período 2000-2014, outro 15% son do período 1990-1999, e o 20% restante son anteriores á década dos noventa do século pasado; a consulta foi realizada o 24.02.2015.

3 Na BILEGA aparecen baixo “onomástica literaria” 27 referencias bibliográficas, segundo a consulta do 24.02.2015.

A pesar de que lingüisticamente o nome propio, fronte ao común, carece de significado léxico de clase, consideramos que na literatura rara vez un escritor é arbitrario na elección dun nome para un personaxe da súa obra de ficción. Dende a antigüidade e nas distintas épocas literarias, os autores estableceron unha estreita relación entre o nome do personaxe e a súa maneira de actuar. Nos parágrafos iniciais do prólogo do *Tesoro de la lengua castellana*, Covarrubias (1611: 22), falando da propiedade da linguaxe infundida por Deus a Adán, relataba como este lles ía pondo nomes aos animais e ás aves de xeito que eran os propios que lles competían segundo as súas calidades e propiedades. Pois así actúan tamén algúns autores en certos contextos e xéneros: os antropónimos da súa obra poden suxerir, evocar ou remitir moitas veces a un significado ben por seren etimoloxicamente aínda transparentes ben por participaren de xogos paronomásicos con palabras do léxico común. Queremos mostrar, xa que logo, que Valladares fixo en *Majina* o que Adán no nomeamento do primeiro día da creación: a elección dalgúns nomes de personaxes non foi inconsciente, senón que pode verse neles algunha motivación, certa adecuación entre o significado e significante; por outra parte, o exotismo ou non do antropónimo elixido explicase porque actúa como marca de identidade social.

2. *Majina*, unha novela dualista

En 1870 o polígrafo ullán Marcial Valladares (1821-1903)⁴ estreaba, en galego, un novo xénero literario co seu relato *Majina, ou a filla espúrea*. Este “conto-noveliña”, como nola presenta o autor no prólogo introdutorio, viña calcar os moldes do que se coñece como “novela de folletín”, o subxénero narrativo de moda na Europa de mediados do século XIX que, procedente sobre todo da Francia romántica, viña triunfando no panorama literario español dende a década de 1840, fose coa avalancha de traducións de folletinistas, como A. Dumas e E. Sue, fose coas obras de escritores peninsulares que os imitaron, como W. Ayguals de Izco, M. Fernández y González, F. Pizcueta, Pérez Escrich e Pilar de Sinués. Abonda con citar algunhas das exitosas entregas de Ayguals de Izco, como *María, la hija de un jornalero* (1845), *La marquesa de Bellaflor o el niño de la inclusa; historia-novela* (1846) ou *Luisa o el angel de redención, cuento* (1863), para que acudan ao noso pensamento similitudes co título tamén bímembre e disxuntivo-explicativo da obra de Valladares: *Majina, ou a filla espúrea*; e mais co subtítulo que figura no manuscrito orixinal: “*conto gallego-castellano de miña abò*”.

Certamente, o relato de *Majina* acabado de redactar en 1870, aínda que non se publicaría por entregas ata dez anos despois nas páxinas de *La Ilustración*

4 Pode verse unha biografía extensa del en Fernández Salgado (2005).

Gallega y Asturiana, cando xa dominaba o Realismo, debe ser entendido como produto desta moda folletinesca, herdeira das narracións sentimentais románticas, pero tamén das costumistas. Este tipo de novela, coñecida tamén como “de entregas” e “popular”, foi considerada pola crítica especializada (Montesinos, 1966; Ferreras, 1972, 1987) como de escaso valor artístico, como fenómeno sub-literario, como xénero “derivado” no senso de sen ningunha autenticidade, no cal a orixinalidade radicaría na súa capacidade de imitación. Porén, eses mesmos historiadores literarios recoñecen tamén que sen a súa existencia sería imposible interpretar a novela dos grandes narradores realistas da Europa do último cuartel do século XIX.

Como xa se expuxo noutro lugar (Fernández Salgado, 2011: XII-XLVII), en *Majina* poden rastrexarse doadamente moitos dos elementos narrativos que particularizan a novela de folletín⁵. Conforme correspondía ao xénero, Valladares preséntanos unha historia de contidos fundamentalmente emotivos e sentimentais en que sobrancean tópicos coma os do amor como impulsor de todas as accións; a beleza e inocencia da protagonista feminina; a orfandade, asociada ao infortunio familiar e a conseguinte angustia por este motivo, remediada grazas á axuda dalgún benefactor rico etc. De igual modo, desde o punto de vista técnico, Valladares pinta unha serie de situacións simplificadas, frecuentemente anticipadas polo narrador, e configura uns personaxes planos, esquemáticos e tópicos. O relato, no que se entrecruzan varias historias, divídese en 17 capítulos con inesperados –pero habituais no xénero– cortes ao final co propósito de crear tensión.

Mais, sobre todo, na novela de folletín destaca o desexo de moralizar socialmente, no caso de Valladares partindo dunha ideoloxía conservadora e católica que se manifesta no carácter dualista en que se vertebra a obra. Así *vicio/virtude, maldade/bondade e humildade/soberbia* son os eixes sobre os que Valladares constrúe o seu relato, antagonismo que logo proxecta nos personaxes (bos/malos), na clase social a que pertencen (labradores/aristócratas), no espazo que habitan (rural/urbano) e mesmo nas linguas en que se expresa cada un deles (galego/castelán). Coidamos que é a partir deste dualismo típico do xénero como se deben interpretar os antropónimos que Valladares seleccionou para os personaxes que aparecen en *Majina*, algúns tan exóticos e singulares coma *Salvio, Veranio e Sancti-Petri*, e outros tan simbólicos coma *Bieito, Fèlix e Inés*⁶.

5 Sobre as características do folletín español, véxanse os estudos de Romero Tobar (1976: 119 e ss.) e de Aparici & Gimeno (1996: XXII e ss.).

6 Respectamos a grafía do antropónimo usada por Valladares no manuscrito de 1870 e que se recolle en Fernández Salgado (2011).

3. A singularidade dos nomes dos personaxes

Malia o seu título, máis que se contar a historia da espuria *Majina*, nárrese a de súa nai, *Otilia de Sancti-Petri*, moza santiaguesa de familia burguesa distinguida, a quen un descoñecido cloroformiza e viola nun baile de máscaras en 1850⁷.

Na táboa que segue recóllese a lista de antropónimos que aparecen na novela, o número de ocorrencias e mais outras denominacións ou referencias con que os personaxes aparecen no texto (diminutivos, apelidos, tratamentos, alcumes...). Nesa listaxe agrupamos as denominacións tendo en conta a clase social a que se poden adscribir os personaxes (aristocrática ou labradores), así coma o medio físico en que actúan (urbano ou rural), tendo en conta que algúns escalan socialmente (*Majina* e *Ermèlio*), e outros flúen entre a aldea e a cidade (o caso de *Salvio* e *Fara*). Inclúese, igualmente, o seu rol na historia e á súa posible orixe etimolóxica.

Táboa: Antropónimos en *Majina* (1870)

Nome dos personaxes	Nº	Outras denominacións	Clase social	Medio físico	Rol	Orixe do nome
Otilia	143	Otilia de Sancti-Petri	A	U	Heroína	Xerm. latinizado
Salvio	120	Señorito de Rebordan O de Rebordan	A	R>U	Heroe	Lat.
Veranio	14		A	U	Antiheroe	Lat.
Señora de Sancti- Petri	17	Nai d' Otilia A de Sancti Petri Señora	A	U	Protectora da heroína	Lat.
Ádria	52	Doña Adra	A	U	Doncela	Lat.
Sancti-Petri	19	Señor de Sancti-Petri	A	U	Consorte	Lat.
Marques de Tria-Castèla	5	Marques de Tracastela Marques (50v.)	A	U	Protector da vítima	Lat.
Majina	81	Majiniña A espúrea	A>L>A	R>U	Vítima	Lat?
Ermèlio	48	Ermeliño	L>A	R>U	Consorte	Xerm.

7 Pode lerse un resumo do intricado argumento da novela en Fernández Salgado (2011: XXII-XXIV).

Nome dos personaxes	Nº	Outras denominacións	Clase social	Medio físico	Rol	Orixe do nome
Fara	38		L	R>U	Criada	Lat. ?/Xerm?
Inés	133	Inesiña tía Inés señora Inés	L	R	Protectora da vítima	Greg.-lat.
Caitan	39	Meu Caitán señor Cayetano	L	R	Consorte	Lat.
Bieito	38	señor Benito Benito Carpaça	L	R	Protector	Lat.
Fèlis	32	Félix Chaparro	L	R	Protector	Lat.
Rosa	9	María Rosa	L	R	Consorte	Lat.
Leto	6		L	R		Lat. ?/ Xerm. ? / Hipocorístico
Grabièl	5	Grabièl d' Andrés Grabieliño	L	R>U	Gracioso	Hebrea cristianizada
Ruperta	1		L	R	Consorte	Xerm.
Tía Frolènsia	1		L	R		Lat.

Clase social: A= Aristocracia; L= Labregos e artesáns; **Medio físico:** U= urbano; R= rural

En total, na novela aparecen 20 personaxes con denominación, aínda que o número de ocorrencias e, por ende, a súa importancia non é igual en todos. Entre os personaxes principais chama a atención que sexan *Otilia* e *Salvio* os antroponímicos máis citados, o que lles confire o rango de protagonistas principais da historia, “heroína” e “heroe”, respectivamente; e isto, en detrimento de *Majina* (a “vítima” da historia), e da súa parella *Ermèlio*, malia ser a *espúrea* quen dá nome á novela. Destaca tamén o elevado número de veces que aparece *Inés* (a pesar de ser un personaxe que desaparece na metade da historia), o que vén subliñar a significanza e simbolismo que Valladares dá a esta labrega-costureira no senso de “protectora da vítima” e paradigma de muller e do vivir cristián. É salientable, así mesmo, o feito de que en ningún momento cheguemos a saber o nome de pía da nai de *Otilia*, pois ao longo do relato sempre aparece referenciada quer como *a nai* ou *a nai d' Otilia*, quer como *señora* ou *a de Sancti-Petri*; porque, en efecto, o seu papel é o propio dunha señora burguesa: exercer de “protectora” da filla, de “señora” con respecto a *Ádria* e de consorte do seu marido.

Nun plano secundario, clasifícanse os antropónimos que se refiren aos labregos –*Caitán*, *Bieito* e *Fèlis*–; ás serventas das de Sancti-Petri –*Ádria* e *Fara*–; aos aristócratas –*Sancti-Petri* e o *Marqués de Tria-Castèla*–; e a *Veranio*, que, aínda que actúa de “antiheroe”, a súa figura queda esluída ao longo da historia e, de feito, o seu nome énos descoñecido case ata o final.

Xa anecdóticos son o carento *Grabièl* (referido tamén co patronímico *Grabièl d’Andrúco*, e co diminutivo *Grabieliño*, sempre coa forma metatizada), que actúa como “gracioso”; as mulleres dos labregos –*Rosa* e *Rupèrta*–; e a mención indirecta da nai de *Fara*, a *tía Frolènsia*, co tratamento de respecto de “tía” que se adoitaba dar na cultura tradicional ás mulleres casadas ou entradas en anos, como debía ser neste caso.

Sen dúbida, unha das cuestións que causa estrañeza no lector actual é a singularidade dalgúns dos antropónimos que acabamos de sinalar, comezando polo propio de *Majina* que dá título á novela. Esta rareza foi sinalada xa por algúns críticos. Mencionouno o profesor Carballo Calero na introdución da súa edición de *Maxina* (1970) e repetiuno logo na súa *Historia* da literatura galega: “Nomes non menos peleríños que *Maxina*, levan outros persoaxes da novela. Así *Otilia*, *Salvio*, *Veranio*, *Ermelio*, *Adria* e *Fara*” (Carballo Calero, 1981: 93). E en termos semellantes de frecuencia e orixinalidade se expresaron os autores do *Diccionario dos nomes galegos*: “Cómpre salientar que os personaxes da novela teñen tamén nomes pouco habituais, e mesmo inventados polo escritor (*Salvio*, *Veranio*, *Adria*...)” (Ferro Ruibal, 1992: 378, s.v. “Maxín / Maxina”).

E certamente, os nomes que citan estes estudosos resultan hoxe tan insólitos coma o eran a mediados do século XIX, cando Valladares escribe a historia. Porén, xa non nos parecen tan extravagantes, nin o eran naquela altura, os referidos a *Caitán*, *Fèlis*, *Bieito* ou *Inés*. Poderíamos, pois, preguntarnos se esa diferenciación entre uns e outros, en termos de “rareza” versus “normalidade”, obedece a algunha razón e se foi buscada a propósito polo autor.

4. O antropónimo como marca de identidade social

Unha explicación cabal á devandita pregunta podemos atopala de termos en conta os obxectivos ideolóxico-didácticos que o autor proxecta na historia de *Majina*. Porque na verdade, Marcial Valladares, como membro da fidalguía rural da Ulla de mediados do século XIX e fillo dun recto militar, eríxese en defensor non só da súa clase, senón tamén do seu espazo e dos valores tradicionais baseados na moral de base cristiá, valores cada vez máis esmorecentes ante a nova orde social burguesa que irradiaba dende as vilas, como a próxima Santiago.

Esta súa visión aristocrática enraizada na aldea paira sobre o antropónimo que escolle para cada personaxe; isto é, no relato non parece indiferente chamarse *Salvio* ou *Bieito*, tanto por valores de uso coma pola motivación do propio nome, posto que como veremos esas denominacións agochan unha función de identificador de clase. Non resulta isto novo na literatura, xa que a caracterización dun personaxe por medio dun antropónimo alusivo está en relación cun antigo canon da retórica, tratado xa no *Crátilo* de Platón, segundo o cal é posible deducir do nome dunha cousa a súa esencia. Cando menos, a identificación social do nome fora algo habitual na literatura do Século de Ouro español, nas obras dramáticas de Lope de Vega, en Cervantes e tamén na novela picaresca (véxase García Gallarín, 1988)⁸. Na novela de folletín do século XIX existiu igualmente a tendencia á denominación simbólica tanto nos personaxes da aristocracia coma nos tipos populares, seguramente herdada dos cadros costumistas (véxase Romero Tobar, 1976: 124-125)⁹.

Xa que logo, Valladares debeu ter moi presente o valor particularizante do antropónimo, pois a súa elección, alén de achegar verosimilitude á historia, permitirá adscribir dende un primeiro momento cada personaxe a un grupo social, a un espazo e a un perfil lingüístico. Por dicilo dalgún xeito, prodúcese unha adecuación entre o nome propio elixido e a súa función social. Nós clasificámoslos en dous grupos: antropónimos que designan a clase aristocrática, e antropónimos que marcan pertenza ao grupo dos labregos e artesáns.

4.1. Os nomes dos aristócratas

Os casos máis claros como marca aristocrática son os antropónimos formados por un título seguido dun sintagma prepositivo con *de* que refire o lugar de orixe¹⁰. Na novela presentan esta estrutura o *marques* e a *marquesa de Triá-Castèla*, o *señor* e a *señora de Sancti-Petri*, e o *señorito de Reboardan* (ou *Salvio de Reboardan*; interésanos aquí o nome de orixe, non o de pía). No primeiro caso, o propio título de “marqués” exime a Valladares de dar no relato algunha nota sobre a súa

8 Coma tal, Lope de Vega preferiu para os viláns nomes como *Mengo* ou *Pascual* e reservou outros máis clasicistas e pastorís para os señores: *Albano*, *Andronio*, *Aurelio*, *Camilo*, *Celio*, *Feliciano* etc.

9 Romero Tobar recolle dos folletíns, para os aristócratas, nomes como *marquesa de Bellaflor*, *marqués de la Fidelidad*, un *barón de la Celada* etc.; e para os arquetipos populares, outros como *Malalengua*, *Bragazas*, *tía Sin Huesos*, un perruqueiro *Pelagatos* etc.

10 Nesta altura, o propio feito de conservar a preposición *de* era xa un feito de “distinción”, pois como ben sinala Lema Suárez (2004: 514), a mediados do século XIX os escribáns teimaron en eliminar estas preposicións (e as correspondentes contraccións cos artigos) que caracterizaban moitos apelidos galegos comúns, como *Andrea de Lema* e *Manuel dos Santos*, que pasarían aos escribáns de finais de século como *Andrea Lema* e *Manuel Santos*.

orixe, que si fai nos outros dous casos, pois o tratamento de respecto como *señor* semella non lle ser o suficientemente claro. De *Sancti-Petri* indícanos que era un “caballero honradísimo, militar retirado” con título (p. 27); e do *señorito*¹¹ de *Rebordan*, di o narrador que era “dono e poseedor esclusivo d’a casa e bens d’o mesmo nome” (p. 37)¹².

En todos estes casos, a orixe do título refírese á xeografía física e parecen remitir a tres topónimos. Repárese en que o seu avoengo e aristocracia, no caso de *Tria-Castèla* e *Sancti-Petri*, veñen hipercaracterizados por seren denominacións en lingua latina¹³, pola súa semántica (“Tres Castelos ou Castros” e “San Pedro”) e, graficamente, polo propio guión entre os dous elementos, que sempre é signo de distinción. Pola contra, para o designativo da orixe de *Salvio*, o señorito da historia enraizado no “país”, reserva un nome, *de Rebordan*, que alude á natureza –e quizais con reminiscencias pastorís–, en concreto a un fitotopónimo, unha árbore da clase dos carballos (véxase Navaza, 2006: 470-471)¹⁴. Xeograficamente, este topónimo, se realmente existe, remite a un lugar da comarca da Ulla, onde se desenvolve a acción da novela¹⁵. Pola súa parte, *Tria-Castèla* condúcenos á localidade luguesa (*Triacastela*) por onde pasa o camiño de Santiago, ben que no relato nada se nos aclara ao respecto. Máis escura se presenta a forma haxiográfica *Sancti-Petri*. Manexamos tres hipóteses: sendo militar o personaxe (se cadra non galego), e en vista das frecuentes relacións que había naquela altura entre Galicia e Cádiz (a onde os mozos ían cumprir co servizo ao rei), poida que se refira á illa de Sancti-Petri, nesta provincia andaluza. Outra hipótese é que estea inspirado no San Pedro de Roma, e a el aluda. E unha terceira: poida que Valladares simplemente estea a facer un exercicio literario xogando coa latinización de *San Pedro*, que lembremos é o nome dunha

11 Este termo “señorito” está empregado aquí no senso de ‘fillo solteiro dun señor ou de persoa de representación’, segundo se recolle no *Diccionario* (1880) redactado polo propio Valladares.

12 O marqués e o señor de Sancti-Petri coidamos que están inspirados en grande parte na figura de don José Valladares, o pai do autor; en tanto que o *señorito de Rebordan* é claramente un trasunto do señorito de Vilancosta; isto é, do propio Marcial Valladares.

13 Así e todo, convén puntualizar que en Triacastela coincide a forma romance coa latina. O topónimo galego é un caso raro de conservación do plural neutro.

14 Aínda o antropónimo podería ter outra simboloxía engadida, xa que *rebordán* como adxectivo segundo o dicionario de Carré (*DdD*, s.v. *rebordán*) é tamén a árbore sen enxertar, que non pode brotar; como de feito é o final que Valladares lle depara a *Salvio*, pois acabará célibe na súa casa.

15 Existe un *Rebordaos* en Boqueixón (A Coruña), preto dos lugares en que se desenvolve a historia, mais descoñecemos se Valladares se refire a el, ou se pola contra é un lugar inventado. O feito de non constar como topónimo e que *Rebordáns* /-aos teña orixe nun xentilicio (Navaza, 2006), e por tanto necesariamente en plural, apoia a idea de que se trate do valor léxico do adxectivo *Rebordán* aplicado ó personaxe.

aldea e parroquia da Ulla, a mesma onde habitaban Caitán e Inés¹⁶. Incluso cabería unha última interpretación da que nos facemos eco na sección 5 deste traballo, onde relacionamos o apelido co nome de *Pedro*, de representación negativa na tradición popular.

Desde esta óptica que vimos mantendo, o exotismo ou rareza dos antropónimos *Salvio e Veranio*, e en menor medida de *Otilia*, están xustificadas literariamente por identificaren membros da clase aristocrática, ou personaxes que os serven moi de preto, no caso da doncela *Ádria*.

De igual maneira se pode argumentar da singularidade dos nomes de *Majina e Ermèlio*, personaxes que, a pesar de se criaren na casa duns labradores, ambos acabarán formando parte ao final da historia do grupo da clase máis podente. A *Majina* este dereito correspondíalle por “forza do sangue”, posto que para Valladares iso herdábase. Lembremos que, aínda nacida e criada na aldea, a *espúrea* exprésase unicamente nun castelán ben requintado, como así facían os outros membros da aristocracia. E recordemos que mesmo fisicamente *Majina* xa tiña algo “meigo”, que a distinguía dos outros aldeáns, como nolo confirman as palabras do *marqués de Tria-Castèla*, á fin o seu avó, no seu primeiro encontro con ela no capítulo VIII, cando estaba a segar alcacén (o destacado en cursiva é noso):

Volveus’ estonces o marqués á Salvio e exclamou:

–¡Cuánto, amigo mío, me gusta esta niña! ¡Qué linda es y que despejada!
¿No advierte V. una especie de señorío en todo su continente? (p. 67)¹⁷

Ou estoutro comentario dos labregos *Félis e Bieito* a propósito tamén da súa orixe no capítulo XXII:

–Parece que naceu señora. Ja n’ a miña compañía o decrinaba. «De pequeniño verás que boi terás». Eu créo qu’, anqu’ espúrea, *ela ha de vir de boa cepa*. (p. 92)

Canto a *Ermèlio*, simplemente pola singularidade do seu nome podemos intuír que está igualmente predestinado a mudar de clase, neste caso por mor da providencia, ou do azar, ao ser o namorado de *Majina*. Pero tamén polo feito de ser afillado do *señorito de Rebordan*, polo que é de pensar que, conforme era o habitual na época

16 Sendo esta última opción a referencia de Valladares, a latinización conseguiría darlle máis lustre ao título, tendo en conta que a forma haxiográfica en galego non singularizaba tanto, posto que *San Pedro* aparece como titular de 304 parroquias en Galicia, o segundo máis numeroso despois de *Santa María*.

17 O número de páxina refírese á edición da novela de Fernández Salgado (2011).

(véxase Lema Suárez, 2004: 500), o padriño sería quen tería elixido e imposto o nome de *Ermèlio* (e non unha elección dos pais).

A idea de ligar nome pouco habitual con clase social podente, isto é, a busca de orixinalidade para os membros deste grupo, queda de manifesto na seguinte anécdota recollida no *Diccionario dos nomes galegos*, que tiran do libro *Alcumes recollidos en Betanzos* (Ferro Ruibal, 1992: 35):

Cóntase que houbo un crego de certa parroquia de Betanzos que cando chegaban cun crío para bautizar preguntaba que nome lle ían poñer e se dicían *Clodoaldo*, *Luciano*, *Maximiliano* ou outro nome non vulgar o crego respostaba: Eses son nomes para xente rica e vós sodes pobres, así que o neno ten que ser *Manuel*, *Andrés* ou *Antón*.

A estrañeza que causaban na xente do rural os antropónimos dos *señores e señoritos* das clases altas é recollida por Valladares no capítulo IV da novela durante a conversa entre unhas lavandeiras, na cal se manifestan as dificultades para reproduciren un nome estranxeiro, como era *Sancti-Petri*, e a xustificación de “moda” para esa rareza. Comentan as lavandeiras (o destaque en cursiva é noso):

–Falabámos, repuxo aquela; d’ Inés e d’as *de Sante, Sante ...*
 –*Sante-Petre*, muller, contestou a recén chegada.
 –*Sante-Petre, ou Santa-Pèdra*, repuxo de nòvo a outra. ¡*Vayan uns nomes bèn raros!*
 –¡Qué quès? *Serán de moda*. Hoje a moda andach’ en todo, hasta n’o rezar¹⁸ (p. 39)

E esta mesma idea aparece xa no capítulo I durante a conversa entre a labrega *Inés e as de Sancti-Petri* á hora de elixiren o nome da criatura acabada de nacer (o destaque en cursiva é noso):

–Majina, pues, levará de nombre, *por mi gusto*, dijo a abò, pronunciando estonce-l-a j com’ os gallego-l-a pronunciamos.
 –*E Majina ¿è nome, señora?*, preguntou Ines.
 –Nombre y muy bonito. ¿Te gusta Otilia?
 –El que VV. quieran; igual me es, contestou a nai. (p. 25)

Repárese na pregunta de asombro de Inés ante o nome, e no feito de que é a avoa (e a posiblemente madriña se fose unha filla dentro do matrimonio e non espuria) quen elixe o nome, predetestinando xa dese modo o devir da cativa; isto é, o que dicían os

18 Algo semellante ocorre cos labregos *Bieito* e *Fèlis* cando adaptan popularmente o nome do *marqués de Tria-Castèla* como de *Tracastèla* (p. 92).

antigos: “*Nomem, omen*”, “un nome, un presaxio”. E acto seguido *a de Sancti-Petri*, co fin de que non se lle mudase o nome —é dicir, o destino—, escribiu nun papel para os da Inclusa: “Majina se llamará” (p. 25).

Tense discutido sobre a forma, significado e orixe deste antropónimo literario, abofé singular e pouco ou nada corrente, e non só na onomástica galega. Nos dicionarios de nomes (véxase por exemplo Ferro Ruibal, 1992), véñse lematizando *Maxina* baixo a entrada de *Maxín*, do que sería forma feminina, e relacionan este nome con dúas posibles orixes: ben, co lat. *MAGINUS*, nome dun santo tarraconense, que viría significar ‘pertencente a Magus’, isto é, ‘mago, meigo, feiticeiro’; ou ben cunha deformación do lat. *MAXIMUS*, ‘o fillo máis vello’. Para alén do santo, que celebra a súa festa o 25 de agosto, existe tamén unha santa que o fai o 3 de decembro.

Con todo, por como sucede esta escena na novela, o nome está orixinado nas circunstancias do parto e o seu significado, inspirado na voz castelá *maja*, ‘linda, fermosa, elegante no vestir’, concretamente na súa galeguización con diminutivo en *majiña*. A voz española, de orixe controvertida segundo o *Diccionario* de Corominas (1980-1991: s.v. *Majo*, *-ja*), aludía a un tipo popular español “achulado” en valentía e elegancia, e popularizárase en Galicia no século XIX como adxectivo referido á lindeza¹⁹. Recordemos de novo o episodio, as palabras de *Inés* e a resposta xa mencionada da de *Sancti-Petri* (o destaque é noso):

—¡Coidado que parece un ángele! Agora si que *campa*, si qu’ está *majiña*.
—Majina, pues, llevará de nombre, por mi gusto, dijo a abò, pronunciando estonce-l-a j com’ os gallego-l-a pronunciamos. (p. 39)

En efecto, a avoa (que neste caso debe falar por boca do literato Valladares) parece inspirarse estilisticamente na paronimia entre o diminutivo afectivo *majiña* e o nome da santa *Maxina* (que debía coñecer, pola resposta que dá á estrañeza de *Inés*, “nombre y bien bonito”). Así, na novela, o nome de *Majina* como signo evocaría un significado afectivo de ‘lindura, fermosura, elegancia’ baixo o significante dun antropónimo haxiográfico que connotaría, ademais, toda a virtuosidade que iso implica. Desa maneira, quedaría en parte xustificada a rareza dun diminutivo culto en *-ina*, en lugar do patrimonial *-iña*, pois é evidente que en aparencia “Maxina” é formalmente un híbrido galego-castelán.

De todos os xeitos, a atribución dun nome a unha criatura segundo as circunstancias do nacemento, como ocorre con *Majina*, non é novidade na historia da literatura, e Valladares, como gran lector que era, debía sabelo. Coduras Bruna (2013: 271)

19 O TILG (<<http://ilg.usc.es/TILG/>>) rexistra en textos galegos de 1840 a 1890 máis de 20 ocorrencias do lema “majo”. Consulta de 22/09/2015.

comenta o caso de Tristán na obra *Tristán e Iseo*, e as palabras da súa nai Brancaflor tras o parto, en que xustifica o nome do fillo na tristeza que sente ao traelo ao mundo; ou de Florestán do *Amadis* chamado así por ter nacido nunha floresta²⁰.

Non obstante, coidamos que quizais Valladares xogou, ademais, con que o nome *Majina* suxire outras evocacións, entre elas a do significado etimolóxico relacionado con *MAGUS*, ‘mago, meigo, máxico’, porque tamén algo *máxico* no senso de ‘extraordinario’ fora a súa concepción (lembramos que se producira nun baile de Entroido, tras ser seducida a futura nai, adormecida e logo violada por unha máscara). E mesmo tamén, por paronomasia e con aférese, *Majina* remite a vocábulos como *imaxe*, (*i*)*maxinar* no senso de ‘sospeitar, supoñer’, polo que o nome viría formulado como unha especie de adiviña. Pois pode ser unha casualidade, mais no seu *Diccionario*, Valladares recolle a entrada *imagiña* (con <g>) como diminutivo de *image* (‘imaxe’). Establecemos esta relación, porque cando Valladares estampou o título da novela na portada do manuscrito orixinal fixoo coa grafía *Magina*, con <g>, como aínda se aprecia na corrección realizada logo para <j>. Isto, segundo as regras ortográficas que el manexa para uso de <g> e <j> (véxase Fernández Salgado, 2005: 170-171), levaríanos a relacionar a forma *Magina* con parónimos do castelán con <g>: quer o nome da santa (cast. *Magina*), quer con *imagen*, *magia*... Así e todo, quizabes o esborrancho simplemente se deba a un equívoco e a corrección para <j> deba interpretarse como adecuación gráfica á forma castelá *majo*, -a.

De por parte, *Majina* aparece tamén referenciada media ducia de veces como *a espúrea* (‘bastarda’), que remite ao alcume (o único da novela) con que era coñecida entre os veciños, ben que Valladares nunca chega a grafalo con maiúscula. Recordemos as propias palabras de *Majina* en diálogo co marqués no seu primeiro encontro:

–¿Tienes padres?

–Jamás los conocí. Todos me llaman la espúria. (p. 67)

Para rematar esta sección, advírtase que os nomes aristocráticos e fidalgos *Otilia*, *Salvio*, *Veranio*, *Ermèlio* e *Ádria*, presentan certa semellanza formal: son todos de acentuación semiesdrúxula e posúen unha terminación en ditongo crecente (-io, -ia), o que lles confire certo clasicismo latinizante ou italianizante. Non participaría

20 Codura Bruna (2013: 271), citando a Paloma Gracia, indica: “la atribución de nombres relativos a las circunstancias del nacimiento que aparece en numerosas obras medievales, normalmente en personajes en cuya infancia han sido abandonados o expuestos, subraya la condición heroica de los mismos, pues va en contra de la costumbre medieval de dar como nombre a los miembros nuevos de la familia uno que hubiera pertenecido ya a algún antepasado del lado paterno o materno”, situación que lle acabe ben ao sucedido en *Majina*.

destes trazos fónicos o nome *Majina*. Canto á súa etimoloxía, *Otilia* e *Ermelio* son latinizacións de voces xermánicas, de OTHAL, ‘patria’ ou OTON ‘riqueza’, e de ERMIN ‘grande’ > ERMELIUS, respectivamente. Os restantes son nomes de orixe latina: *Ádria* remite a HADRIA, localidade italiana na beira do mar Adriático, e *Salvio* e *Veranio* ás formas en *-ius*, SALVIUS ‘salvado’ e VERANIUS ‘primavera’, respectivamente. Sobre estes dous últimos nomes volveremos posteriormente.

4.2. Os nomes dos labregos

Así como podemos dicir que os antropónimos da fidalguía resultan estraños ou infrecuentes, os empregados para nomear os labregos son moito máis familiares: *Caitán*, *Inés*, *Bieito*... Valladares consegue con iso un certo efecto estilístico, xa que o exotismo de *Veranio*, *Salvio* ou *Sancti-Petri* lévanos ao afastamento da realidade cotiá e mesmo á xustificación do inverosímil dalgunhas accións en que participan. Pola contra, a “normalidade” dos nomes dos labregos e dos seus feitos actúan de contrapunto perfecto para aqueles, pois dotan a historia de realismo. Porque aínda que os protagonistas de *Majina* son señores e señoras, señoritos e señoritas, o espazo máis desenvolvido da novela é o rural, posto que por orixe tamén é o que mellor coñece o autor, e o que, por outra banda, lle permite despregar outros coñecementos seus de carácter lingüístico e folclórico.

Valladares ofrece unha visión un tanto costumista, idealizada, bucólica, dos distintos elementos que compoñen o mundo rural, e contraponos aos da cidade. Para el, a aldea é un espazo natural, amable, alegre, ordenado no social, onde cada un ten asignado o seu camiño e non se desvía del: nin o señorito nin os labradores. Valladares observa este mundo dende unha posición paternalista. Para el, e conforme a ideoloxía rexionalista do Rexurdimento, a aldea fora a gardadora da esencia da cultura galega, do que fomos sempre; e iso fora posible pola harmonía que reinara entre os seus habitantes. Os labradores son vistos como modelos do bo cristián: honrados, humildes, traballadores e confiados na relixión. De feito, no seu prólogo, a novela vai dedicada a eles por estas razóns. E recórdese tamén a reflexión moral que o narrador-autor realiza no capítulo VII a propósito da visión que os da cidade teñen dos costumes do campo:

Os cidadanos non comprenden d’esto un átimo, porque non estudian, nin queren estudar, a vida e costumes d’o labrego, ou estudian-as po-lo forro. (p. 54)

Xa que logo, se os nomes dos señores e señoritos resultaban raros, os dos labregos que aparecen ao longo da novela debían ser os que se viñan empregando, fóra modas, nas nosas aldeas arredor de mediados do século XIX; isto é: *Inés*, *Caitán*,

Bieito, Fèlis, Rosa, Rupèrta ou *Grabièl*. Sen dúbida, si resultan máis enigmáticos o nome da criada *Fara*, personaxe ponte entre o mundo urbano e o rural, e *Leto*, o sinistro “arquilador virollo”.

Axúdanos a corroborar esta cotidianidade o estudo de Lema Suárez (2004: 488 e ss.) sobre os nomes de persoa na aldea de Berdoias (A Coruña), que non debían variar moito do que sucedía na bisbarra da Ulla a mediados do XIX. No período que el investiga (1761-1860), sobre 579 nomes, coinciden cos da novela: *Benito* (13 veces como primeiro nome, e varias como segundo), *Caetano* (3), *Félix* (1) e *Gabriel* (1). Entre os de muller figuran *Rosa* (17 veces) e *Inés* (1).

Con todo, os antropónimos elixidos por Valladares para os labregos non eran os máis comúns da época. Seguindo o citado traballo de Lema Suárez (2004) no período de 1800 a 1860, os máis frecuentes eran por esta orde: *José* (17%) *Manuel* (13%), *Andrés* (8.6%), *Francisco* (6%), *Simón* (4.5%) e *Domingo, Pedro e Vicente* (os tres con 4.15%); en noveno lugar figura *Benito* (3.85%), o primeiro dos que aparece na novela. Entre as mulleres, o antropónimo máis habitual era con moito *María* (30%), e viñan logo *Josefa* (15%), *Manuela* (10%), *Andrea* (7.7%), *Juana* (6.6%), *Benita* (4%) e *Rosa* (3.7%), que é o primeiro dos que se mencionan en *Majina*. Neste punto coidamos que, para os seus personaxes, Valladares fixiu conscientemente de nomes en exceso populares, gastados e tópicos, como *Xan, Pedro, Farruco* ou *Mingos* precisamente co fin de evitar, por unha banda, a súa asociación ás novas acepcións que por desgaste xa estaban a adquirir para expresar “un calquera”²¹; e, por outra, para impedir a identificación do seu prototipo de labrego bo e cristián co aldeán-tipo pailán que aparecera nalgunhas obras da literatura castelá ou que protagonizaba algúns contos ou narracións populares. No que atange a isto, contrasta a elección de nomes feita por Valladares coas realizadas polos outros poucos narradores galegos de finais do século XIX, que si parecen optar por antropónimos tipo ou máis gastados. Fixemos un reconto dos nomes dos personaxes que aparecen en 30 narracións dos 16 primeiros autores que figuran na colectánea de M. Hermida (2003) e os resultados aquí os están: os nomes de home que aparecen en máis de dous personaxes, por orde e agrupados sen ter en conta o hipocorístico, son *Farruco, Francisco* ou *Fuco* (que o levan 8 personaxes), *Pedro* ou *Perucho* (7 p.), *Pepe* ou *Xosé* (5 p.), *Antón* (5 p.), *Xan* (4 p.), *Caietano* ou *Queitano* (2 p.), *Bertoldo* (2 p.) e *Andrés* (2 p.); estraña que *Manuel* só sexa o nome de un personaxe. Entre as mulleres, os máis frecuentes son *Marica* (nome de 6 personaxes), *Pepa* (4 p.), *Rosa* (2 p.) e *Xoana* (2 p.).

21 O propio Valladares fai uso en *Majina* do modismo “a Xan e a Pedro” co significado de ‘con todos’ que corrobora o dito: “Sua amiga, á chaque d’esto, quitaba seu partido, adivirtíase con quen lle daba gana, bromeaba á Jan e á Pedro” (p. 29).

Así e todo, sen dúbida ningunha, o trazo de identidade que máis define os antropónimos dos aldeáns é precisamente o feito de que son nomes *en galego*, a lingua en que se expresan sempre estes personaxes, contrañoñéndose nisto aos señores e señoritos que só empregan o español, un español ademais libresco. En efecto, presentan unha forma marcadamente galega os antropónimos *Caitán*²², *Bieito*²³, a semicultista *Félis*²⁴, grafado conscientemente polo autor con <s> (en vez de <x>), para marcar a redución do grupo culto [ks] e con acento grave na vogal tónica <è>, indicando abertura; e *Grabièl*, coa metátese da vibrante habitual do galego popular e o acento grave de vogal aberta. Pola contra, para as mulleres escolleu antropónimos con formas gráficas coincidentes nos dous idiomas: *Inés*, *Rosa* e *Rupèrta* (aínda que neste caso o acento grave denota galeguidade na súa ortografía).

Non deixa de resultar curioso ver como o inmobilismo que se ve noutros aspectos da novela tamén se traslada ao uso das dúas linguas que aparecen no relato, xa que nunca se produce un cambio de código en ningún personaxe. E isto, é mesmo observable no feito de que os personaxes, sen distinción aquí de clases, acomodan o antropónimo da outra lingua á súa propia cando este admite adaptación ou tradución. Dese xeito, *Inés* diríxese á doncela *Ádria*, como *Doña Adra* en dúas ocasións (pp. 18 e 20). E tanto *Ádria* coma as de *Sancti-Petri* refírense a *Caitán* sempre como *Señor Cayetano* (pp. 18, 19 e 21), e igualmente *Salvio* a *Bieito*, como *Señor Benito* (pp. 71). Por outra parte, tanto *Ermèlio* coma *Majina* cando lles escriben dende Madrid aos seus antigos protectores, encabezan as súas cartas en castelán como “Señor Benito Carpaza” e “Señor Félix Chaparro” (pp. 90-92)²⁵.

-
- 22 Comenta Lema Suárez (2004: 193) no seu estudo que “Caetano” é o único antropónimo galego con forma diferencial do español que no XIX resistiu ben a castellanación de *Cayetano* (ó contrario do que ocorrera con outras como *Joan* > *Juan*, *Domingos* > *Domingo*, *Paulo* > *Pablo*), sen dúbida, porque estaba medio camuflado pola aparencia castelá do seu sufixo *-ano*. A forma máis popular era a empregada por Valladares, *Caitán*, ou outras como *Quiétán*. No seu propio *Diccionario* (1884) recóllese as entradas *Cayetán* e *Queitano*, que remite a *Caitán* (véxase DdD s.v. *Caitán*).
- 23 Valladares lematizao no seu *Diccionario* (1884) (DdD s.v. *Bieito*). Pola contra, Lema Suárez (2004) non recolle en ningunha partida bautismal restos da forma patrimonial galega.
- 24 A forma patrimonial galega do lat. *FELIX* foi *Fiz* (*Fis* ou *Fins*), que se mantén actualmente en apelidos e como patrón dalgunha parroquia galega, aglutinado nalgunhas ocasións con outro santo, San Pedro, do que xurdiu un *San Pedro Fiz* de grande devoción popular. Valladares recolleu a forma galega nos seus *Elementos de Gramática Gallega* (1892: 118) no listado de “Titulares de parroquia”, onde identifica perfectamente “San Fis, Fiz” co castelán “San Felix”.
- 25 Estes son os dous únicos casos en que aparecen apelidos acompañando a nomes, e en ambos os casos, malia referiren a dous fitotopónimos (*Carpaza* e *Chaparro*, certa clase de arbustos e de mato, respectivamente), non deixan de conter un certo valor humorístico, pois metaforicamente calquera deles pode aludir á baixa estatura dunha persoa, claramente no caso de *chaparro*, pero tamén *carpaza*, pois o seu derivado *carpaceiro* alude a ‘persoa gordecha de andares desamañados’ e o pexorativo *carpazona*, a ‘muller campesiña da montaña’.

Nesta cuestión, o descrito na novela fainos concluír que aínda nesta altura a forma galega do antropónimo era a comunmente utilizada entre os veciños da aldea; porén, a forma castelá era a que ben seguro figuraba na súa partida de bautismo e a que se empregaba nos documentos oficiais (véxase o caso das cartas, pp. 90-92). Deste modo, o nome patrimonial galego (*Caitán* ou *Bieito*) viñan sendo entendidos e empregados como unha especie de hipocorístico ou de forma familiar. De feito, é significativo que tanto as de *Sancti-Petri* coma *Salvio* cando traducen os nomes de *Cayetano* ou *Benito* os fan acompañar sempre de “señor”, porque en definitiva cómpre manter o trato cortés e nese caso non cabe o hipocorístico²⁶.

Do mesmo xeito, unicamente entre os personaxes da aldea e nos seus antropónimos se permiten formas afectivas a través do popular diminutivo en *-iño*, *-a*: *Majiniña* (p. 93, utilizado por *Fèlis*), *Ermeliño* (p. 80, por *Bieito*), *Inesiña* (p. 22, por *Caitán*) ou o *Grabieliño* (p. 56) que *Fara* emprega co cairento. Función semellante de familiaridade ten o emprego do posesivo diante do antropónimo, tal como fai *Inés* ao se dirixir ao seu home como *meu Caitán* (p. 18). Pola contra, denota respecto o tratamento de *tía* que *Fara* dá sempre a *Inés* (*tía Inés*, p. 34).

Canto á etimoloxía, os nomes dos labregos son maioritariamente de orixe latino-cristiá e neles domina a idea de ‘alegría’, como logo veremos: *Bieito*, *Fèlis*, *Caitán*, *Leto*, *Rosa*, *Frolènsia*...²⁷. Outros proceden doutras linguas, mais foron popularizados a través daquela relixión: *Inés* (do grego, ‘año’) e *Grabièl* (do hebreo, ‘enviado de Deus’). *Rupèrta*, pola súa parte, procede do xermánico. Só *Fara* ofrece unha etimoloxía escura. O nome quizais se divulgou en Galicia a partir dunha Santa Fara en Melón (Ourense), á que alude Elixio Rivas (1991: 166). O étimo podería estar nun hipocorístico xermánico de raíz *fara-*. Outros estudosos aluden a unha latinización de *Pharus*, ‘faro’ (a illa que deu nome a esta construción), na súa versión feminina, ou ao árabe *Farai*, de *faraján*, onde volvemos atopar o sema ‘alegre’.

5. Simbolismo e motivación dos nomes dos personaxes

Ata o de agora insistimos fundamentalmente en aspectos formais dos antropónimos relacionándoos cunha clase social. Deterémonos nesta parte final en ver se estes

61 A respecto disto, Boullón (2007: 12) sinala que os hipocorísticos foron considerados como as formas galegas do nome correspondente por certo afán diferencialista.

27 Obsérvese, canto aos antropónimos das mulleres, ao igual ca antes cos apelidos *Carpaza* e *Chaparro*, outra vez a predilección de Valladares por fitotopónimos, neste caso referidos a flores: *Frolènsia* e *Rosa*, este último aplicado eloxiosamente a Santa Rosa de Lima.

nomes propios simplemente identifican ou se ademais funcionan como símbolos, isto é, se teñen un significado asociado motivado.

Como xa mencionamos ao comezo da sección 4, este recurso non é estraño na literatura, pois xa fora tratado no *Crátilo* de Platón. Algúns autores de moita devoción de Valladares, como Baltasar Gracián, dotaron o nome propio de significado por adecuación ao ser que representan. Para eles o nome propio semella ser un signo motivado, evocador de virtudes ou defectos, delator de personalidades, amais de servir de material estilístico. No propio seo familiar de Valladares, segundo el conta nas súas *Memorias de familia* (Fernández Salgado, 2005: 11-16), o pai militar tivo o costume de bautizar os fillos con nomes evocadores. O propio nome do noso autor *Marcial* alude á batalla de San Marcial, no País Vasco, na que o pai resultara ferido²⁸.

Así pois, con estes antecedentes, non é de estrañar que Valladares elixise conscientemente algúns nomes propios, o caso por exemplo de *Salvio* e *Veranio*, baseándose en que os seus significantes suxiren a súa maneira de actuar ou de ser consonte ao dualismo moral típico dos folletíns en que os personaxes ou son *heroes* ou *antiheroes*. É esta contraposición entre bos/malos, virtuosos/viciosos, humildes/soberbios, inocentes/culpables, ricos/pobres... o que os fai funcionar na historia. Confórmanse desa maneira unha serie de parellas antitéticas ou complementarias en que un personaxe pode participar en varias oposicións. Pódese dicir que as parellas de *heroes/antiheroes* se multiplican: *Salvio* (virtuoso) oponse a *Veranio* (libertino); *Otilia* (inocente) a *Veranio* (culpable); pero *Salvio* (redentor) tamén a *Otilia* (vítima); *Inés* (humilde) ás *de Sancti-Petri* (soberbias); ou *Majina* (vítima) a *Otilia* (verdugo).

Tendo en conta isto, e facendo un exercicio metalingüístico, non resulta difícil asociar a algúns antropónimos certos significados. Desta maneira, o nome do heroe *Salvio* (lat. SALVUS ‘salvo’, adx. de *salvar*) relacionámolo con ‘salvador’, redentor e liberador de *Otilia*, ben que non chega a cumprir totalmente co seu cometido, pois o final é desgraciado para ambos²⁹. Pola súa parte, o antiheroe *Veranio* (do lat.

28 Igualmente, a súa irmá máis vella *Jacoba* inspírase na cidade de Santiago, por mor dunha acción guerreira en que participara o pai en 1808, durante a guerra contra os franceses. E outra irmá chamada Engracia evoca igualmente a acción guerreira de 1811 no Campo de Santa Engracia, en Estremadura, onde o pai resultara prisioneiro. Noutras ocasións, os nomes inspíranse en feitos máis cotiáns, como é o caso da orde de nacemento de dúas xemelgas, para chamarse *Prima* e *Segunda* (semellante ao que aludían os nomes dos latinos *Octavius* ou *Nonius*) ou o caso da irmá máis nova, que foi bautizada como *Isabel* en honor ao nome da monarca daquela reinante.

29 Non podemos deixar de comentar, aínda que sexa en nota, a paronimia do nome deste personaxe con outro que nos remite de novo ao mundo vexetal: *salvia*, ben como ‘seiba, suco ou zume que alimenta as plantas’, ben como ‘xarxa, especie de arbusto; *salvia officinalis*). Sendo así, en *Salvio de Rebordán* os dous antropónimos aludirían ao mundo natural, pois a aldea é tamén o seu espazo vital, ademais de ter certas reminiscencias co *Silvio* da novela partoril medieval.

VERANUS, ‘verán’ de VER ‘primavera’, ‘primeiro verán’³⁰, parece aludir por extensión a ‘persoa nova, sen madurar, irreflexiva’, que cadra ben coa vida de paixón libertina que leva primeiro en Santiago, onde é autor dunha violación, e logo de desenfreno en París. E mesmo parece tamén simbólico o segundo elemento de *Sancti-Petri* (do lat. PETRUS), que remite a *Pedro* ‘pedra, rocha’ e por extensión a ‘dureza, fortaleza’, calidades que concordan ben coa forma de ser das *Sancti-Petri*, sobre todo da nai. Neste caso a tradución viría ser algo así coma “Santa(s) Pedra(s)”, que, lémbrese, coincide coa adaptación popular feita polas lavandeiras (p. 40). Sendo así, o nome das de *Sancti-Petri* aludirían ao enrocamento, á dureza de corazón e de sentimentos con que actúan, por exemplo, con *Majina*, abandonándoa na inclusa. Por outra parte, téñase en conta tamén a representación negativa do nome de *Pedro* na lírica popular, que Valladares tan ben coñecía, onde se asocia, ademais de ‘un calquera’, a unha persoa de artimañas, vil, rufián, descortés, tramposo... e mesmo infractor, traidor, pois non en van Pedro fora o apóstolo que negara a Xesús (vid. Costarelli, 2012: 259). Canto ao posible simbolismo e evocación de *Majina* xa nos referimos a eles anteriormente na sección 4.1 e alí nos remitimos.

Pola súa parte, os antropónimos dos labregos evocan en xeral a idea de ‘boas persoas’, ‘alegría’, ‘felicidade’ por viviren en comunión con Deus. En concreto, *Bieito* (lat. BENEDICTUS ‘ben nomeado polo bautismo’) e *Félis* (lat. FELIX ‘feliz’) remiten elocuentemente ao culto cristián no sentido de ‘bendito, consagrado’ e ‘alegre, contento’, respectivamente; pois de bos cristiáns é o comportamento que amosan na novela acollendo os orfos (p. 75) e, por exemplo, no cumprimento puntual do rezo do rosario (p. 95). Nesta idea de ‘alegría’ redundaría tamén o nome de *Fara* (se temos en conta a posibilidade da súa orixe árabe, como se viu antes), e o do “arquilador” *Leto*, de orixe escura, ben que, cando menos, pode relacionarse co lat. LAETUS, que significa ‘ledo, alegre’³¹. Finalmente, a idea de ‘boa persoa’ parece estar presente tamén no carpinteiro *Caitán*, do que se di na novela que era “un bonás” (p. 16), isto é, ‘de bo corazón’, ‘bo, sinxelo, de carácter nobre, sen mala intención’. Non obstante, este significado non viría suxerido pola súa etimoloxía (lat. CAIETANUS ‘da familia ou relativo á Caio’), senón que a bondade estaría evocada no santo do igual nome, de devoción na contorna compostelá. Lingüisticamente, a terminación *-án*, idéntica ao sufixo caracterizador afectivo-despectivo que aparece noutras formas galegas como *pachán*, *laczán*, *galbán*, *folán*, *paspán*... axudaría a suxerir esa aparencia de persoa tranquila, de *bonás* como é *Caitán*³².

30 O nome queda actualmente como apelido.

31 Outras posibles orixes relacionaríanse co xermánico *Leto*, “bárbaro”, ou cos nomes de *Cleto* ou *Anacleto*, caso este en que *Leto* sería hipocorístico. Existiu tamén no século V un San Leto, bispo e mártir.

32 A pesar do dito canto á etimoloxía, a idea de ‘alegría’ si está no étimo de *Caio*, de CAIUS, corrupción de GAIVS ‘alegre’.

E finalmente referirémonos á costureira *Inés*, nai adoptiva de *Majina*, altamente compasiva, humilde, agarimosa, que vive feliz co seu home Caitán; en definitiva, *Inés* é “un portento de muller” (p. 20), como a cualifica Ádria na novela. Trátase dun antropónimo de tradición relixiosa (greg. AGNOS ‘año’), que os cristiáns latinizaron como *Agnés* co significado de ‘pura, casta’, ao asociarse popularmente coa palabra latina AGNUS ‘año’³³. *Inés* é ademais nome de tradición literaria, pénsese en *Inés de Castro* ou na *Doña Inés* de Zorrilla. Porén, a *Inés* de Valladares parece estar máis inspirada na *Agnesse* de *Os Noivos (I Promessi Sposi)* de Alessandro Manzoni do que naqueloutras. A *Agnesse* italiana, nai de Lucía, é tamén unha personaxe secundaria caracterizada como a muller do pobo, unha figura que reflicte e leva a súa perfección alí por onde vai. Emulando a esta, Valladares converte a súa *Inés* nun dos seus personaxes preferidos (o outro sería *Salvio*, o seu trasunto), pois nela encárnanse todas as virtudes morais da muller tradicional galega. Valladares volvería recorrer a este nome e personaxe nunha poesía titulada “*Inés fiando*” (1879), que comeza cun cadro descritivo semellante a como é presentada na novela: a *Inés* do poema, mentres fía, vai lembrando, non sen soidade, a vida de tempos pasados, contraponéndoos aos modos actuais, para ela de perda de moralidade (Fernández Salgado, 2003: 161).

6. Cabo

Partimos da caracterización de *Majina* como novela de folletín e, tendo en conta a estrutura dual que adoita presentar este subxénero de relato, vimos de que xeito ese dualismo se reflicte nos antropónimos que Valladares elixiu para os personaxes da historia. En función diso, a singularidade ou exotismo dalgúns deles (*Salvio*, *Veranio*, *Sancti-Petri*...) e o cotián doutros (*Fèlis*, *Bieito*, *Inés*, *Caitán*...) poden explicarse en relación coa clase social a que pertencen, o espazo en que se moven e a lingua en que se expresan: aqueles á fidalguía e burguesía de fala castelá que transitan sobre todo por ambientes urbanos; os segundos, aos labregos e artesáns de fala galega que habitan o rural. Por tanto, o antropónimo serve na novela como marcador de identidade social e lingüística. Para alén diso, comprobamos tamén que algúns deles funcionan como símbolos (*Salvio*, *Fèlis*, *Bieito*...), xa que por xogos paronomásicos o lector pode asociar a forma do nome do personaxe a un significado derivado do seu comportamento ao longo do relato. Finalmente, coidamos que un bo coñecemento da antroponimia dun texto de ficción facilita a comprensión global da obra e permite reconstruír pontes con outras tradicións literarias, sexa a popular ou doutras épocas.

33 Sobre o nome *Inés*, Covarrubias (1611: 503) indica que é “Nombre de mujer, del nombre latino ‘agnes’; vale tanto como pura, casta y santa”.

Referencias bibliográficas

- Aparici, Pilar, & Gimeno, Isabel (eds.) (1996). *Literatura menor del siglo XIX. Una antología de la novel de folletín (1840-1870)*. Barcelona: Anthropos.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007). “Farruco, Paco, Fran: datos históricos e evolución dos hipocóricos en Galicia”, *Revista Galega de Filoloxía*, 8, 11-56.
- Carballo Calero, Ricardo (1981). *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- Coduras Bruna, María (2013). “La antroponimia caballeresca a la luz de la onomástica literaria medieval y áurea (de la lírica popular a Gracián). Un estado de la cuestión”, *Tirant*. 16, 255-278.
- Corominas, Joan (1980-1991). *Diccionario etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- Costarelli, Rafael Ernesto (2012). “Antroponimia en la antigua lírica popular hispánica (siglos XV a XVII). Notas para un cancionero basado en los nombres”, *Lemir*, 16, 161-270.
- Covarrubias, Sebastián de (1611). *Tesoro de la lengua castellana, o española*. Madrid: Luis Sanchez Impresor del Rey N.S. <http://fondosdigitales.us.es/fondos/libros/765/16/tesoro-de-la-lengua-castellana-o-espanola/> (Consulta en 05.10.2015).
- DdD = Santamarina, Antón (dir.) (2003). *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>.
- Feixó, Xosé (2003). *Diccionario galego dos nomes*. Vigo: Xerais.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2005). *Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego*. Pontevedra: Deputación Provincial.
- Fernández Salgado, Xosé A. (ed.) (2003). *Marcial Valladares. Poesía*. Vigo: Xerais.
- Fernández Salgado, Xosé A. (ed.) (2011). *Marcial Valladares. Majina, ou a filla espúrea*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Ferreras, Juan I. (1972). *La novela por entregas 1840-1900*. Madrid: Taurus.
- Ferreras, Juan I. (1987). *La novela española en el siglo XIX (hasta 1868)*. Madrid: Taurus.
- Ferro Ruibal, Xesús (1992) (dir.). *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- García Gallarín, Consuelo (1988). “El nombre propio de persona: marca social en la literatura española del siglo XVII”. En Ariza, Manuel, & Salvador, Antonio (coords.), *Actas del I Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española*, t. II, 1707-1715. Madrid: Arco Libros.

- Hermida, Modesto (dir.) (2003). *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro.
- Ionescu, Christian (1993). “Onomástica literaria: dominio interdisciplinar”, *Butlletí de la Societat d’Onomàstica*, LIV-LV, 305-315. http://www.onomastica.cat/sites/onomastica.cat/files/07_ionescu.PDF (Consultado en 13.01.2016).
- Lema Suárez, Xosé M^a (2004). “Nomes de persoa de Berdoias (A Coruña), de 1761 a 1860”. En Álvarez Blanco, Rosario, Fernández Rei, Francisco, & Santamarina, Antón (eds.), *A Lingua Galega: Historia e Actualidade*, t. III, 483-523. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Méndez Ferrín, Xosé L. (2007). *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos*. Vigo: Xerais.
- Montesinos, José F. (1966). *Introducción a unha historia de la novela en España en el siglo XIX*. Madrid: Castalia.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2006). *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Rivas Quintas, Elixio (1991). *Onomástica Persoal do Noroeste Hispano*. Lugo: Alvallos.
- Romero Tobar, Leonardo (1976). *La novela popular española del siglo XIX*. Barcelona: Fundación Juan March / Ariel.
- TILG = Santamarina, Antón (coord.). *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/TILG/> [Consultado en 22.09.2015].

